



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Febreiro 2019 • Nº 233



FEBREIRO

L	M	MC	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28			

ENTROIDOS EN VEDRA

CALENDARIO DE ENTROIDOS NO CONCELLO DE VEDRA:

- **Baile de Entroido no Centro Social de Vedra.** Sábado 2 de marzo ás 18:00 h.
- **Concurso familiar de disfraces** na Casa das Artes de Vedra. Luns 4 de marzo ás 17:00 h.
- **Entroido en Vilanova.** O 2 de marzo ás 18:00 h. (No campo da festa de Picón).
- **Entroido en San Xán.** O 9 de marzo.
- **Entroido en Trobe.** O 10 de marzo.

VEDRA FESTEIRA

- **Festa do San Blas en San Mamede de Ribadulla.**
 - **Sábado 2 de febreiro** actuacións da charanga BB+ e grupo Tania Veiras (LUAR).
 - **Domingo 3 de febreiro** actuacións das bandas de música de Santa Cruz de Ribadulla e a Banda Cultural de Teo.

NOVO SISTEMA DE AVISOS DE AVARÍAS NO ALUMEADO DE VEDRA

- **TELÉFONOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO:**
 - 699 304 702 (de luns a venres de 7:00 a 21:00 h.)
 - 902 350 784 (de luns a domingo ás 24 horas).


AXENDA PARA O MES DE FEBREIRO

XXIV XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA

- **IX Ruta Cicloturística en BTT da Camelia polo Val do Ulla** o 3 de febreiro. Pavillón Municipal de Deportes.
- **O 15 de febreiro é a data límite para participar no 19º Concurso de Pintura Infantil da Camelia.**
- **Visita guiada ao Pazo de Santa Cruz de Ribadulla,** o 23 de febreiro ás 11:00 h.
- **Visita pola contorna da Estación de Tren,** o 23 de febreiro ás 16:30 h.
- **XXIV Xornada arredor da Camelia,** o 24 de febreiro na Estación de Tren de Santa Cruz de Ribadulla.
- **Visita ao Pazo da Saleta,** o 16 de marzo.

AXENDA INICIATIVAS ASOCIATIVAS

- **V Maratón por Montaña, III Trail e II Andaina da Camelia do Club Vértice.**
- **Ciclo documental galego de Inverno da Asociación Senunpeso** o 23 de febreiro.





IV CARREIRA NOCTURNA SOLIDARIA

■ Con máis de 600 persoas participantes nas diferentes probas e categorías deste evento deportivo que tamén era unha cita coa solidariedade que recadou máis de 500 quilos de produtos non perecedoiros e un total de 807,00 euros para as persoas

usuarias dos servizos sociais municipais, convertendo esta cita deportiva en todo un éxito e récord de cifras solidarias, das que a organización está moi contenta e agradecida.



Categoría Alevín Benxamin.



Categoría Cadete Infantil.



Categoría Prebenxamin.



II Andaina Solidaria de Vedra.



IV Carreira Nocturna Solidaria Concello de Vedra.



Momento da saída da carreira absoluta.



Entrega de premios do IV Concurso de Tarxetas de Nadal Concello de Vedra.



Representación teatral infantil. Puño Puñete con Baobah Teatro dentro do Programa Falaredes da Rede de Dinamización Lingüística

Cultura

ENTROIDOS NO CONCELLO DE VEDRA

■ Entroidos municipais en Vedra

O sábado 2 de marzo: Baile de disfraces no Centro Social da Terceira Idade. A partir das 18:00 h. festa rachada.

O luns 4 de marzo: O concello de Vedra propón unha alternativa diferente para a tarde do luns de Entroido.

- **Lugar:** Casa das Artes de Vedra (San Fins)
- **Horario:** a partir das 17:00 h.

Haberá desfile e concurso de disfraces, música e moita diversión para toda a familia!!

■ En Vilanova festa da cacheira e entroido o 2 de marzo.

A comisión de festexos de San Pedro de Vilanova, organiza coma cada ano, un xantar arredor do Entroido co **cocido tradicional** como protagonista.

- **Lugar:** Campo da festa de Picón.
- **Prezo:** 20 € por persoa.

Reserva de tickets no Bar o Rancho (Picón – Vilanova) A partir das 18:00 h chegará o momento do entroido. Con parrandas de vellos e nenos, atranques dos xenerais da ulla e moita diversión!!

■ En San Xián o 9 de marzo.

- Ás 11:00 h. saída do campo da festa da comitiva carnavalesca. Percorreráse a parroquia coma to-

dos os anos con carrozas, coro de bonito, coro de vellos, correos e xenerais, e todas aquelas persoas que queiran participar.

- Ás 19:00 h. chegada o campo da festa, onde terán lugar os "ATRANQUES".
- A continuación e para rematar o día haberá unha actuación musical.

■ En Trobe o 10 de marzo

- Percorrido por toda a parroquia.
- Xantar no Local Multiusos.
- Ás 19 h. Atranques dos Xenerais da Ulla no campo da festa.





XXIV XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA

■ A Asociación Amigos da Camelia do Val do Ulla en colaboración co Concello de Vedra organizan as **XXIV Xornadas arredor da Camelia**, que este ano lucirán co seu máximo esplendor o día 24 de febreiro na **Estación de Tren en Santa Cruz de Ribadulla**.

Estas xornadas enchen de contidos culturais e turísticos os meses de febreiro e marzo con actividades como as mostras, a ruta Btt da Camelia, roteiros... un gran escaparate de contidos sobre a camelia do que podemos adiantar:

19º CONCURSO DE PINTURA INFANTIL DA CAMELIA

1º Poderán concorrer todos os nenos e todas as nenas da nosa autonomía de entre 3 e 12 anos. Haberá 3 categorías:

- A: de 3 a 6 anos.
- B: de 7 a 9 anos.
- C: de 10 a 12 anos.

2º Cada concursante poderá presentar unha única obra, con soporte en cartolina ríxida ou material similar e en tamaño A4.

3º O tema será "A Camelia".

4º A técnica a empregar será libre, recomendándose as ceras, témperas, acuarelas, rotulacións, lapis de cores, etc.

5º Na parte de atrás do traballo figurarán: nome completo do autor ou autora, enderezo, número de teléfono, idade e centro escolar.

6º Os traballos terán que entregarse na Casa do Concello antes do **15 de febreiro de 2019**, no seguinte enderezo:

Concello de Vedra
Avda. Mestre Manuel Gómez, 1
15885 Vedra (A Coruña)

7º O xurado estará formado por membros da Asociación Amigos da Camelia e persoas destacadas do mundo das artes. O fallo do xurado darase a coñecer na semana previa ás Xornadas arredor da camelia e publicárase na páxina web do concello www.concello-devedra.com.

8º Haberá un 1º, 2º e 3º premio para cada categoría.

9º Todos os traballos presentados ao concurso serán expostos en Santa Cruz de Ribadulla o día 24 de febreiro con motivo das Xornadas arredor da camelia.

10º A entrega de premios ás persoas gañadoras terá lugar en Santa Cruz de Ribadulla o día 24 de febreiro.

11º Todas as persoas participantes pola súa mera presentación aceptan integramente as bases deste concurso.

12º A organización reservase o dereito de modificar, eliminar ou agregar calquera punto a estas bases.

As bases do concurso están colgadas na páxina web do concello www.concellodevedra.com e na páxina do facebook www.facebook.com/concellovedra

3

DE FEBREIRO

IX RUTA CICLOTURÍSTICA EN BTT DA CAMELIA POLO VAL DO ULLA Pavillón Municipal de Deportes

■ Deportistas e afeccionados/as ao deporte de toda a comunidade terán a oportunidade de participar nesta ruta btt que se celebra en torno a programación da camelia e percorrer as paraxes vedresas ao tempo que practican o seu deporte favorito.

O percorrido rondará os 40 quilómetros, é cualificado de dificultade media. Partirá do Pavillón Municipal de Vedra ás 9:30 h. da mañá e estará aberto a todos os públicos.



Continúa na páxina 5

23

DE FEBREIRO ÁS 11:00 H.
VISITA GUIADA AO PAZO DE
SANTA CRUZ DE RIBADULLA
Estación de tren de Santa Cruz de Ribadulla

■ Ruta de aproximadamente dúas horas de duración con saída dende a casa da Estación de Tren para visitar os xardíns do pazo de Santa Cruz de Ribadulla. Prezo: 3,00 €

23

DE FEBREIRO ÁS 16:30 H.
VISITA POLA CONTORNA DA
ESTACIÓN DE TREN
Estación de tren de Santa Cruz de Ribadulla

■ Visita interpretativa e explicativa do acondicionamento do entorno da estación acompañados por Fermín Blanco, director do proxecto seguido dunha degustación de produtos gastronómicos da Ulla.

Para ambas visitas é imprescindible inscrición previa. As prazas adxudícanse por orde de inscrición a partir do 1 de febreiro. Máis información e inscricións no Departamento de Cultura do Concello de Vedra ou no teléfono 981 814 691.

16

DE MARZO
VISITA AO
PAZO DA SALETA

■ Visita ao xardín deste pazo guiada polas súas propiedades de dúas horas de duración onde coñeceremos o xardín botánico con especies de todo o mundo, a capela, o pombal e unha exposición permanente da artesanía na antiga bodega do pazo.

O Pazo de La Saleta é unha granxa galega do século XVIII na que se proxecta un sorprendente xardín: “un dos xardíns privados máis importantes de España”, recoñecido polo Comité Español do Programa Man e Biosfera da UNESCO.

- **Prezo:** 25,00 euros (inclúe transporte, entradas e xantar).
- **Prazas limitas.** Imprescindible inscrición previa a partir do 1 de febreiro.
- **Mais información e inscricións** no Departamento de Cultura ou no teléfono 981 81 46 91.



XXIV XORNADAS ARREDOR DA
CAMELIA

24

DE FEBREIRO
XXIV XORNADA ARREDOR DA
CAMELIA
Estación de tren de Santa Cruz de Ribadulla

■ A nosa “Festa da Camelia” volve á contorna da Casa da Estación de Santa Cruz de Ribadulla. Dentro da xornada contaremos coas seguintes mostras:

- **Traballo ornamental con camelia:** elaborado polas asociacións e parroquias do concello. Contando coa orixinalidade dos nosos participantes crearase un colorido escaparate que terá como único protagonista a camelia.
- **Mostra de flor:** todas as persoas participantes contarán cun espazo para decorar coas súas camelias. Poderán participar todas as persoas interesadas na camelia, profesionais ou afeccionadas sempre que se inscriban antes das 14:00 horas do día anterior a inauguración.
- **19º Concurso de Pintura infantil,** mostra de todos os traballos que os nenos e nenas de Vedra e arredores presentaron ao concurso.

Programa:

- **9:00 -12:00 h.** Preparación das exposicións.
- **12:15 h.** Inauguración da xornada.
Plantación da camelia conmemorativa.
- **13:00 h.** Entrega de premios e agasallos de participación para as mostras de Flor e Ornamentación con Camelia.
- **13:30 h.** Concerto da **Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.**
- **14:00 h.** Concerto da agrupación **UllaDeza Brass band.**
- **14:30 h.** Viño Galego.
- **16:30 h.** Obradoiros infantís.
- **18:00 h.** Actuación do grupo de pandereteiras da **Asoc. Cultural Raiolo.**
- **18:30 h.** Entrega de premios do **19º Concurso de debuxo infantil da camelia.**
- **19:00 h.** **Isla LetrisKa: Letriska Inmobile,** espectáculo de clown e malabares.
- **20:00 h.** Clausura e peche das mostras.

SENDEIRISMO

■ Ruta “Dende a Ponte da Illa de Arousa ata Catoira”
Data: 16 de febreiro.

Horarios e puntos habituais de recollida do autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 8:00 h.
- Parada en Lestedo ás 8:10 h.
- Parada no Breixo ás 8:15 h.
- Parada en Hipercor ás 8:20 h.
- Parada na Estación de Autobuses ás 8:30 h.

Información e reservas no 981 814 691 antes do 14 de febreiro.



Educación

VEDRA MEDRA. CHORE OU DEIXE DE CHORAR, A METADE DO INVERNO ESTÁ POR PASAR

■ Na cultura tradicional popular tiña moitísima importancia todo o relacionado co tempo meteorolóxico. O escritor ourensán V. Risco aseguraba que “o máis empregado para saber o tempo que vai facer polo ano adiante é botar as sortes e as resortes”. Chamábaselles *sortes* aos doce primeiros días do mes de xaneiro, en tanto que as *resortes* eran os doce seguintes, do trece ao vinte e catro.

A crenza consiste en que conforme sexa o tempo nos doce primeiros días, polo mesmo padrón van ir, os doce meses do ano, en relación de un a un (Portal das Palabras, Real Academia Galega).

Para **Vedra medra** é de suma importancia coñecer como vai vir cada estación porque son moitas as saídas que programamos polo Concello adiante e a maior parte das veces o seu éxito está condicionado polo tempo.

Temos a esta altura xa adiada unha visita ao Pazo de Sta. Cruz de Ribadulla co alumnado de 2.º ESO. **Vedra medra** quere deterse no PATRIMONIO NATURAL, en particular nas árbores e formacións senlleiras que alberga o xardín histórico do pazo e que forman parte do *Catálogo de árbores e formacións senlleiras de Galicia*. Contaremos con dous guías, José Luis Vascuas e Antonio García Vinuesa.

Continúa o obradoiro de Entroido. O 15 de xaneiro tivo lugar a sesión “*Eu tamén son xenerala*” na que foi



protagonista absoluta a muller e na que se analizou como foi evolucionando desde a ausencia case total ata converterse en protagonista. Estiveron con nós para contarnos as súas experiencias algunhas veciñas de Vedra, San Pedro de Vilanova e Sergude, algunhas son nais de alumnos/as, outras avoas ou coñecidas... Son mulleres con nome e apelido como Nieves Iglesias, Julia Villanueva, Victoria Villa, Carmiña Cutrín, Sonia Gamás, Cristina Orosa, Luzdivina Balado. A todas se lles deu voz nesta xornada, en calidade de donas e fillas de xeneral, avezadas costureiras ou xeneralas. Tamén se achegaron ata as nosas aulas Bárbara Pénas, Rosa Rodríguez e Iria de Asla da Asociación Berenguela pola Igualdade para darnos a súa visión desde outra óptica, a daquelas que traballan desde Vedra pola concienciación e a sensibilización pola igualdade.

A sesión do obradoiro que tiñamos prevista para o 29 de xaneiro adiantámola para o xoves 24. Ese día, Títe-

Continúa na páxina 7

res Cachirulo representará no centro o seu espectáculo "As xeneralas da Ulla".

Na parroquia de San Miguel de Sarandón acabamos de facer o 16 de xaneiro a primeira reunión do proxecto *Lingua, Patrimonio e coñecemento tradicional* (Proxecta 2018-19). Comezamos co labor de recollida do léxico tradicional relacionado co ámbito do viño e da vendima. Actuaron como informantes Luis Neira,

Manuel Fuentes e Manolo González; o mestre Antonio acolleunos na escola de Sarandón e acompañounos tamén nesta ocasión. O traballo de campo correu a cargo dalgunhas alumnas da parroquia de 1.º, 2.º e 4.º da ESO.

Vedra medra comeza 2019 e continúa no seu empeño de aproximar aos máis novos un PATRIMONIO VIVO, o seu, o de todos.

Medio Ambiente

EN LOITA CONTRA A VELUTINA

■ **REUNIÓN INFORMATIVA** para dar a coñecer os resultados da campaña 2018 e planificar a colocación de trampas de cara os vindeiros meses

- Data da Reunión: 15 de febreiro.
- Lugar: Centro Social de Vedra.
- Hora: ás 20:00 h.

"A TÚA COLABORACIÓN É NECESARIA" "En cada camelia coloca unha trampa"

A posta de trampas para a captura de raíñas na primavera é fundamental, xa que cada raíña "fundadora" capturada significará que hai un niño menos na contorna. As novas raíñas nadas no outono anterior, emerxen do período de hibernación a finais

de febreiro-inicio de marzo, e comezarán a construír o niño para a continuación realizar a primeira posta de ovos. A finais de maio, primeiros días de xuño, nacen as primeiras avespas obreiras, ocupándose estas desde este momento de realizar todos os labores necesarios para o desenvolvemento da colonia. A partir deste momento, as raíñas permanecerán constantemente no interior do niño, ocupándose unicamente



da tarefa de posta de ovos. Consecuentemente, débese aproveitar o período no que as raíñas se mostren activas no exterior para proceder á súa captura, é dicir, durante os meses de febreiro, marzo e abril.



Cando e onde colocar as trampas?

Durante os meses de febreiro, marzo e abril

- En plantas de especial interese para a velutina, como (camelias, callistemon, a aralia ou árbore de Angélica, níspero xaponés), froiteiros en flor (cerdeiras, ameixeiras, cítricos), ornamentais. En xeral plantas de floración temperá.
- Nas proximidades dos composteiros.
- Nun radio de 100-150 metros onde houbo niños o ano anterior.
- En árbores que poden ter pole ou pulgón; por exemplo o salgueiro.
- Nas proximidades dos locais onde os apicultores gardan o seu material e extraen o mel.

Líquido para as trampas:

- Atraínte comercial, coas doses recomendadas.
- Atraínte caseiro, mesturando 5 litros de auga con 2 kg de azucre e 50 gr. de lévedo de pan que podemos mercar nunha panadería.

INFORME ANUAL RECOLLIDA DE ROUPA USADA EN VEDRA

■ Vedra segue a sumar cifras positivas en todas as súas propostas solidarias. Esta vez toca falar dos máis de 10.000 quilos de roupa usada recollidos nos diferentes colectores do termo municipal. O que significa darlle unha segunda vida a aquilo do que nos desprendemos e tamén unha notable melloría na selección do

lixo, pois por desgraza toda esta cantidade de roupa se estaba a atopar nos colectores xenéricos.

Estes datos reflexan a conciencia solidaria e o bo facer da veciñanza, algo no que vale a pena seguir traballando e mellorando.



ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

DE INTERESE...

Novo horario do Centro Social da Terceira Idade:
De luns a sábado de 18 a 22 h.
Pechado o último sábado de cada mes e festivos.

- **Eleccións do Consello do Centro**
Venres 8 de febreiro ás 21:00 h. no Centro Social. Anímate a formar parte do Consello de Maiores!

- **Excursión a Lugo (Santuario de Santa Eulalia de Bóveda, Museo Provincial, muralla e catedral da cidade de Lugo...)**
Mércores 13 de febreiro.
Prezo: 25 € (Inclúe transporte e comida) -prazas limitadas- (O prazo de inscrición para esta saída ábrese o 30 de xaneiro no



Visita ao mosteiro de San Pedro de Rocas

teléfono 981 814 695. As prazas e número de asiento adxudícanse por rigorosa orde de inscrición).

- **Escola de Saúde: "Arredor da saúde bucal das persoas maiores"**
Xoves 21 de febreiro ás 20:00 h. no Centro Social. Impartido por Sergio Silveiro Cesar, odon-

tólogo do Centro de Saúde de A Estrada.

- **Bingo**
Xoves 28 de febreiro ás 20:00 h.
- **Comezo da Liga de escoba no Centro Social**
Todos os luns de febreiro ás 20:00 h.

IMSERSO. PROGRAMA DE TERMALISMO PARA O 2019

- Un ano mais preséntase este programa para a terceira idade.

REQUISITOS PARA PARTICIPAR:

- Ser pensionista de xubilación ou incapacidade permanente do Sistema da Seguridade Social.
- Ser pensionista de viuvez do Sistema da Seguridade Social con 55 anos ou máis.
- Ser pensionista por outros conceptos ou percceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, do Sistema da Seguridade Social, con 60 anos ou máis.
- Estar asegurado ou ser beneficiario do Sistema da Seguridade Social, con 65 anos ou máis.

Tamén é necesario:

- Non padecer alteracións de comportamento que impidan a convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidades transmisibles con risco de contaxio.
- Poder valerse por sí mesmo para as actividades básicas da vida diaria.
- Precisar os tratamentos termais solicitados.

ESTABLECEMENTOS INCLUÍDOS NO PROGRAMA:

Baños Velloso	Santiago de C.	Termas Romanas
Rio Pambre-2	Augas Santas	Arnoia
Molgas-1	Molgas-2	Carballiño
Laias	Lobios	Acuña-1
Acuña-2	Dávila	Caldelas de Tui
Termas de Cuntis	Baños da Brea	Illa da Toxa
Mondariz		

SERVIZOS QUE OFRECE:

- Aloxamento e manutención, en réxime de pensión completa.
- Tratamentos termais básicos: recoñecemento médico, tratamento termal e seguimento do mesmo.
- Actividades de ocio e tempo libre ofertadas de balde.
- Póliza colectiva de seguro.

Para asistir ás quendas de SETEMBRO a DECEMBRO, ambos incluídos: deben solicitalo antes do 17 de maio de 2019.

Para máis información e solicitudes poderán dirixirse ao DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS do Concello os LUNS, XOVES E VENRES DE 8:30 a 14 horas.

LUDOTECA

■ Este mes dende o proxecto Conxuga queremos aproveitar para meternos de cheo no xogo e pasalo ben. A través do xogo atenderemos á educación en valores, unha oportunidade para transformar a sociedade.

Con esta intención, formulamos os seguintes obradoiros e actividades:

- Xogando en valores: Contacontos.
- Obradoiro emocional: "A solidariedade", monicreques.
- "Experimentos divertidos".
- "Mr. Manitas".
- Obradoiro musical.
- Móvete e baila.
- Xogando coas luces e sombras.

Para calquera información poñerse en contacto no teléfono 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com



VEDRA EN CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO

MULLERES ASASINADAS ANO 2019

9



■ ACLARANDO CONCEPTOS...

No pasado número do boletín cometemos un erro ao falar de violencia doméstica, para que non haxa dúbidas nestas cuestións parécenos importante aclarar estes conceptos.

En ocasións, as distintas denominacións dos malos tratos lévannos á confusión e empregamos indistintamente conceptos como violencia de xénero, violencia doméstica, de parella, cara as mulleres, ou sexista. Con todo, non significan o mesmo. Refírense a cousas ben distintas. Non é o mesmo falar de violencia de xénero ca de violencia doméstica porque unha apunta á muller e a outra á familia como suxeitos de referencia.

A violencia doméstica é a que se produce na casa, no fogar. E pódela exercer e sufrir calquera dos membros do núcleo familiar, é dicir, unha nai sobre os seus fillos ou un neto sobre o seu avó.

A violencia de xénero, en cambio, é aquela que se produce contra a muller polo feito de ser muller, tanto dentro como fóra de casa, no traballo ou en calquera outro ámbito da vida pública.

Este tipo de violencia fundaméntase na suposta superioridade dun sexo sobre outro e as súas manifestacións son moi variadas.

En calquera caso, temos que **ter claro que cando unha muller é vítima da violencia polo mero feito de ser muller, hai que falar sempre de violencia de xénero e non de violencia doméstica**. E é que esa confusión de etiquetas, ás veces interesada, contribúe a perpetuar a probada resistencia social a recoñecer que os malos tratos á muller non é unha forma máis de violencia,

Continúa na páxina 10

que vai máis alá do ámbito espacial e que ten como obxectivo a submisión e o control da vida das mulleres.

A PARTIRES DO 25 DE XANEIRO...

"Á Violencia de Xénero...Dille Non!", exposición gráfica ilustrada, dirixida a axudar á mocidade a recoñecer, identificar e rexeitar condutas sexistas, nocivas nas súas relacións." A exposición estará no segundo andar do CPI de Vedra e realizaranse sesións informativas para todo o alumnado co fin de que esta exposición gráfica deixe pegada.

Na nosa sociedade a escola ten unha importancia extraordinaria xa que, como se puxo de manifesto, é un axente de socialización xunto á familia, os medios de comunicación, o grupo de pares ou iguais (amizades), a relixión e a linguaxe. E como axente de socialización a súa función, xunto á transmisión de coñecementos, é a transmisión de valores, actitudes, aptitudes e comportamentos que os seres humanos debemos aprender e interiorizar, facilitando a nosa integración na sociedade na cal crecemos. Como obxectivos específicos nesta actividade inclúense:

- Fomentar a realización de accións de sensibilización e formación na educación en igualdade, nas familias e nos centros educativos.
- Apoiar ás alumnas en situación de vulnerabilidade por múltiple discriminación.

FENDA DIXITAL DE XÉNERO...

Non hai dúbida de que as novas tecnoloxías da Información e a Comunicación, (TIC), cambiaron a nosa maneira de comunicarnos, de traballar ou de gozar do lecer. Agora ben, *que papel están a desempeñar as*

mulleres neste mundo da comunicación no ciberespazo e na construción e desenvolvemento da Sociedade da Información?

A fenda dixital de xénero (BDG) fai referencia ás diferenzas entre mulleres e homes en canto ás tecnoloxías da información e comunicación. Así, cando se analizan variables como: o acceso, a frecuencia no uso dos tics ou os dispositivos utilizados a partir da variable sexo, e outras variables decisivas como idade, nivel educativo, situación económica e social, constátanse as desigualdades entre mulleres e homes. As relacións de poder, os estereotipos de xénero e as prácticas sociais obstaculizan a plena incorporación das mulleres á sociedade da información condicionando o seu afastamento dos estudos tecnolóxicos. Cando se fala da presenza das mulleres na sociedade da información e do coñecemento, débese facer en dous sentidos como usuarias e como creadoras de contidos e de tecnoloxía. Polo tanto, as mulleres como suxeitos activos da rede. Coa intención de comezar a erradicar esta fenda dixital, propoñemos a realización da seguinte actividade:

Taller de Smartphones para Smartfemmes

Taller destinado a todas aquelas mulleres que se estean iniciando no manexo do smartphone e queiran sacarlle todo o proveito posible. O taller desenvolve-riase no mes de marzo.

Se estás interesada en desenvolver este taller ponte en contacto [tf.699 041 486](tel:699041486) ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com

Iniciativas Asociativas

CICLO DOCUMENTAL GALEGO DE INVERNO DA ASOCIACIÓN SENUNPESO O 23 DE FEBREIRO ÁS 20:00 H. NO CENTRO SOCIAL DE VEDRA

■ *O canteiro de Sebil* (2017, 52 min)

Este documental do Quinteiro do Umia (un proxecto comunicativo da comarca do Umia) é unha ollada comunal arredor de Xohán Xesús González, un canteiro de Cuntis que se converteu nunha figura importante do activismo político galego a comezos do século XX e que foi impulsor de numerosas iniciativas en diferentes eidos, desde a docencia ao xornalismo, pasando polos ámbitos culturais e mesmo sindicais. Presentación e coloquio a cargo do Quinteiro do Umia.



OCEAN LAVA GALICIA 2athlon CAMPIONATO GALEGO DE DUATLÓN CONTRARRELOXO POR EQUIPOS

■ O vindeiro sábado 9 de marzo terá lugar unha nova edición do duatlón de Vedra, e xa van 6, pero que este ano entra a formar parte das series europeas Ocean Lava con máis dunha docena de eventos en España, Portugal, Bélxica, Chipre, Eslovenia, Grecia, Irlanda, Malta, Montenegro, Polonia y Reunión Island.



A proba voltará a ser un ano máis campionato galego da modalidade para os clubs galegos, pero como novidade estará aberta a clubs de outras comunidades autónomas e incluso estranxeiros e por primeira vez tamén aos deportistas populares sen licencia federativa. Haberá máis de 1000 euros en premios económicos e un total de 3 probas:

- **Ocean Lava Elite**, para os primeiros equipos de cada club. Nesta proba haberá unha clasificación masculina e feminina e os equipos galegos terán tamén unha clasificación autonómica ao tratarse do **campionato galego**.
- **Ocean Lava Open**, na que poderán participar tantos equipos federados de cada club como se queira (b, c, d...) e haberá clasificación masculina e feminina.
- **Ocean Lava Promoción**, na que poderán participar os equipos de deportistas non federados e/ou independentes. Nela tamén haberá clasificación masculina e feminina.

Ocean Lava Galicia 2athlon é posible grazas ao acordo acadado entre Kenneth Gasque Sport Island, club Olímpico de Vedra e o concello de Vedra, para que o duatlón de Vedra entre a formar parte das Series Europeas Ocean Lava creadas por Kenneth Gasque, o tamén fundador e director de carreira durante 25 anos do mítico Ironman Lanzarote, un dos máis míticos eventos deportivos que se celebran en España. A confianza na bagaxe amosada estes anos polo club Olímpico de Vedra, habendo organizado xa en 2017 e 2018 a proba Ocean Lava en Galicia sobre o formato de triatlón, fan posible o nacemento desta nova alianza en formato duatlón.

As inscricións xa están abertas na páxina:
www.oceanlavagalicia.com.

MARATÓN DE MONTAÑA "A CAMELIA" DO CLUB DE MONTAÑA VÉRTICE O 3 DE FEBREIRO

■ O Club de Montaña Vértice organiza o día 3 de Febreiro unha nova edición da Maratón de Montaña "A Camelia".

Con distancias para todos, dando a posibilidade de poder participar nunha proba que crece co paso dos anos:

V Maratón por Montaña: carreira a pé cunha distancia de 42 km e un tempo máximo de 7 horas para completala. A saída terá lugar na Área recreativa de Agronovo, con chegada xunto a pavillón municipal de Vedra.

III Trail: carreira a pé cunha distancia de 15 km, proba moi axeitada para os que comencan a correr no monte. A saída e chegada será xunto o pavillón municipal, as 11:00 da mañá.

2ª Andaina da Camelia: utilizando o mesmo percorrido do Trail (15 km), organízase unha andaina para gozar da contorna de Vedra.

Para máis información, visitar a páxina de inscricións: <http://trailacamelia.galitiming.com/>



XIV CONCURSO DE CARTEIS TEATROFILIA 2019

■ A Asociación Cultural Papaventos xa ten cartel gañador para TEATROFILIA 2019!

A súa autora é **Olaya Naveira Souto** (Ordes) que será premiada con 250 € ademais de ter a sorte de que o seu cartel sexa a imaxe desta edición.



As gañadoras do accésit infantil (ex aequo) son:

- Dafne Teresa Vilar Nodar (7 anos)
- Antía Valle Ledesma (7 anos)

Ambas alumnas da Escola de San Miguel de Sarandón (CRA Boqueixón-Vedra)



Ademais, todas as persoas participantes no concurso serán obsequiadas cun bono para a vindeira edición de Teatrofilia que poderán recoller na billeteira.

Moita atención á programación do Teatrofilia 2019!!



Xanela da Lingua

APEGO. EN GALEGO DENDE O BERGE

■ APEGO é unha acción de dinamización da lingua galega que vai dirixida ás familias que agardan a chegada dun novo membro e tamén para aquelas que teñen nenos e nenas de ata 6 anos. Trátase dunha iniciativa que busca a socialización do galego e que propón o uso da nosa lingua para crear vínculos coa

familia, para asentar o arraigo a esta terra, porque a lingua que mamamos, na que aprendemos a falar, vai ser a base da identidade futura dos nosos fillos e fillas. Bótalle un ollo e coñece todas as súas vantaxes, actividades e propostas en <http://apego.gal/>

PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.